



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 28 DE XUÑO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:03 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

PSOE

ANA LEDO FERNANDEZ

SANDRA SANCHEZ IÑIGUEZ

BNG

RAQUEL VAL VAZQUEZ

XOSE LUIS RIVAS CRUZ

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

ROGELIO SUEIRO

JESUS ANGEL COSTOYA RUACARRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

AUSENCIAS:

PSOE

ABELARDO SEOANE VAZQUEZ

SECRETARIA - INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

Por non terse repartido actas coa convocatoria para a súa aprobación a Alcaldesa pasa o seguinte punto da orde do día .

2.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2016

Pola Secretaria dase lectura á proposición relacionada con este punto da orde do día sen dictaminar tal e como segue indicando que o título debería referirse a suplemento 2/2018 non 2016 sendo necesaria rectificación de erro nestes termos :

“Xustificando a urxencia deste tratamento de punto da orde do día sen dictaminar na necesaria xustificación de gasto total PEIM obra Mellora mantemento camiños Capela San brais e Baiuca e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

do gasto en Convenio para prevención e extinción de incendios asinado coa Consellería de Medio rural da Xunta de Galicia, así como na urxencia de adquisición dunha desbrozadora no marco do Plan de Medio Ambiente da Diputación Provincial con aportación municipal solicítase a aprobación plenaria para tratamento deste asunto sen dictaminar.

Visto o expediente para modificación suplemento de crédito 2 /2018 a realizar no Orzamento do exercicio 2018 á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito tal e como segue:

Suplemento de 12.342,79 € para as obras do PEIM 2018/2019 con control calidade obras na partida de inversións 1532.61900. e Suplemento na partida de inversión desbrozadora en limpeza viaria 163.62300 por 4.785,42€

Considerando estes gastos como non demorables ó exercicio seguinte pola urxencia da actuación e necesidade de xustificación das inversións sendo os créditos previstos no anexo de inversións uns créditos insuficientes .

Suplemento de crédito 2/2018 con modificación tamén do anexo de inversións farase mediante:

a) suplemento por importe de **12.342,79€ a partida 153261900 con remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2017.**

b) suplemento a partida 163.62300 por 4.785,42€ financiando dito suplemento con baixa por anulación na partida 920.62600

Visto informe de secretaria a esta modificación de data 25/06/2018.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos orzamentos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de execución do Orzamento de 2018.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 2/2018 tal e como segue:

a) **suplementando por importe de 12.342,79€ a partida 153261900 con remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2017 considerando a obra PEIM 2018/2019 Mellora mantemento camiños Capela San brais e Baiuca como inversión financeiramente sostible.**

b) suplementando a partida 163.62300 por 4.785,42€ financiando dito suplemento con baixa por anulación na partida 920.62600

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos créditos subvencionados e a xustificación da subvención indicadas nos considerandos deste acordo e tendo en conta que se dan razóns de seguridade vial que fundamentan a necesidade urxente de execución desta obra e da adquisición desta desbrozadora.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

Boimorto, 25 de xuño de 2018

A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez”.

O tratamento e aceptado por unanimidade con dez votos a favor de tódolos concelleiros/as presentes.

Explica a Alcaldesa o importe de desbrozadora ante a pregunta do importe total do voceiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas (6.999,85€) así como explica que con este suplemento no PEIM dótase o importe necesario para asumir o ive.

Sen máis intervencións con oito votos a favor por maioría absoluta (cinco votos dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, un voto do membro non adscrito, dous votos das concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE) e coa abstención dos concelleiros/as do BNG (dúas abstencións) o Pleno municipal **ACORDOU**:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 2/2018 tal e como segue:

a) suplementando por importe de 12.342,79€ a partida 153261900 con remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2017 considerando a obra PEIM 2018/2019 Mellora mantemento camiños Capela San brais e Baiuca como inversión financeiramente sostible .

b) suplementando a partida 163.62300 por 4.785,42€ financiando dito suplemento con baixa por anulación na partida 920.62600

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos créditos subvencionados e a xustificación da subvención indicadas nos considerandos deste acordo e tendo en conta que se dan razóns de seguridade vial que fundamentan a necesidade urxente de execución desta obra e da adquisición desta desbrozadora.

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

3.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2018

Pola Secretaría dase lectura á proposición relacionada con este punto da orde do día cuxo tratamento por ser punto sen ditaminar por comisión informativa permanente especial de contas e aceptado por unanimidade con 10 votos a favor de tódolos concelleiros/as presentes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

O contido literal leído por Secretaría foi

“ Xustificando a urxencia deste tratamento de punto da orde do día sen dictaminar na necesaria creación de partida para obtención de subvención nominativa por Deputación Provincial para a obra urxente por seguridade vial de **inversión financeiramente sostible que terá un periodo de duración superior a cinco anos 13.750€ para poder obter da Diputación Provincial subvención nominativa para a obra “Reforma de carretera municipal en el lugar de O Piñeiro y Horros “ 13.750€ partida 1532.6190 e subconcepto que corresponda e 11.109,88€ creando a partida 161.62300 Abastecemento de auga Sistema de monitorización e control depósitos de auga potable inversión financeiramente sostible con periodo de duración superior a un ano e urxente por razóns de salubridade e garantía de consumo de auga potable.**

(modificación que para as do capítulo 6 afecta o anexo de inversións do orzamento para 2018)

Solicítase a aprobación plenaria para tratamento deste asunto sen ditaminar.

Visto o expediente para modificación crédito extraordinario 1 /2018 a realizar no Orzamento do exercicio 2018 á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un crédito extraordinario tal e como segue:

a) 13.750€ para poder obter da Diputación Provincial subvención nominativa para a obra “Reforma de carretera municipal en el lugar de O Piñeiro y Horros “ 13.750€ partida 1532.6190?? e subconcepto que corresponda.

b) 11.109,88€ creando a partida 161.62300 Abastecemento de auga Sistema de monitorización e control depósitos de auga potable . (modificación que para as do capítulo 6 afecta o anexo de inversións do orzamento para 2018)

Considerando estes gastos como non demorables ó exercicio seguinte pola urxencia das actuacións e necesidade de xustificación da inversión subvencionada pola Deputación Provincial, créditos non previstos no anexo de inversións:

Crédito extraordinario 1/2018 con modificación tamén do anexo de inversións farase mediante:

a) 13.750€ para poder obter da Diputación Provincial subvención nominativa para a obra “Reforma de carretera municipal en el lugar de O Piñeiro y Horros “ 13.750€ partida 1532.6190?? e subconcepto que corresponda.

b) 11.109,88€ creando a partida 161.62300 Abastecemento de auga Sistema de monitorización e control depósitos de auga potable . (modificación que para as do capítulo 6 afecta o anexo de inversións do orzamento para 2018)

Visto informe de secretaria a esta modificación de data 25/06/2018.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos orzamentos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de execución do Orzamento de 2018.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno acepte o tratamento deste asunto sen dictaminar pola comisión informativa permanente especial de contas e **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobado a modificación vía crédito extraordinario 1/2018 tal e como segue:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

a) 13.750€ para poder obter da Diputación Provincial subvención nominativa para a obra “Reforma de carretera municipal en el lugar de O Piñeiro y Horros “ 13.750€ partida 1532.6190?? e subconcepto que corresponda.

b) 11.109,88€ creando a partida 161.62300 Abastecemento de auga Sistema de monitorización e control depósitos de auga potable . (modificación que para as do capítulo 6 afecta o anexo de inversións do orzamento para 2018)

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente para obter subvención da obra subvencionada pola Deputación , así como por razóns de seguridade vial e de salubridade e garantía de consumo de auga potable respectivamente .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

Boimorto, 25 de xuño de 2018

A Alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez”

Pola Alcaldesa explícase o contido da obra prevista e subvencionada por Diputación , que ascende a un total de 55.000€. E en relación a creación de partida orzamentaria para sistema de monitorización e control de depósitos de auga potable indica que solicitou un orzamento a Viaqua que ascende a 11.109,88€.

O concelleiro do grupo municipal do BNG pregunta cal e a aportación do Concello e resposta a Alcaldesa que neste último caso e toda e se fai có Remanente de tesourería do exercicio anterior..

A voceira do grupo municipal do PdsG-PSOE pregunta se estas son melloras con asfaltado rego . A Alcaldesa sinala que non son obras iguais o Plan marco que non só se trata de bacheos.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con oito votos a favor (5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito e dous das concelleiras do grupo municipal do PdsG-PSOE) así como con dúas abstencións dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno municipal **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía crédito extraordinario 1/2018 tal e como segue:

a) 13.750€ para poder obter da Diputación Provincial subvención nominativa para a obra “Reforma de carretera municipal en el lugar de O Piñeiro y Horros “ 13.750€ partida 1532.6190?? e subconcepto que corresponda.

b) 11.109,88€ creando a partida 161.62300 Abastecemento de auga Sistema de monitorización e control depósitos de auga potable. (modificación que para as do capítulo 6 afecta o anexo de inversións do orzamento para 2018)



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente para obter subvención da obra subvencionada pola Deputación , así como por razóns de seguridade vial e de salubridade e garantía de consumo de auga potable respectivamente .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

4.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS

De conformidade co disposto no artigo 42 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais , dase conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía Presidencia ditadas entre os días 24/04/2018 ata 25/06/2018 números 148 (2018) a 270 (2018).

Mocións de Urxencia

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de regos e preguntas.

Polo concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas expónse que conste en acta a súa disconformidade a que se convirta nunha práctica común a elevación como mocións de asuntos que poderían ir na orde do día.

Pola Alcaldesa solicítase á Secretaría lectura da seguinte moción :

MOCIÓN URXENTE DE ACORDO PARA O PLENO MUNICIPAL ORDINARIO A CELEBRAR EN DATA 28/06/2018 APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2018

Xustificando a urxencia deste tratamento de punto da orde do día sen dictaminar na necesaria xustificación en setembro de gasto total da obra Reforma do pavimento dos viais municipais en Horros, Quintás o Souto e o Cruceiro por importe de 50.000€ dos que 20.000€ teñen que aportarse polo Concello xa que a Xunta financia 30.000€, xustificada a urxencia tamén na necesidade de reparación de ditos viais por razóns de seguridade vial. (aceptase a urxencia por unanimidade con 10 votos a favor).

Non tramitado este expediente previamente para poder ir na orde do día deste pleno por chegar a concesión de subvención da Xunta en data 27/06/2018 con entrada 1550 solicítase a aprobación plenaria da urxencia para tratamento e votación deste asunto sen dictaminar non contemplado na orde do día.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o expediente para modificación suplemento de crédito 3 /2018 a realizar no Orzamento do exercicio 2018 á vista dos antecedentes contidos no mesmo, sería un suplemento de crédito tal e como segue:

a) suplementando por importe de **20.000€ a partida 15326190 e subconcepto correspondente segundo xeración de crédito 6.2018, con remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2017 considerando esta inversión como financeiramente sostible e de vida útil superior a 5 anos.**

Considerando estes gastos como non demorables ó exercicio seguinte pola urxencia da actuación motivada en razóns de seguridade vial e na xustificación de subvención outorgada pola Xunta de Galicia en setembro de 2018, sendo os créditos previstos no anexo de inversións uns créditos insuficientes .

Visto informe de secretaria a esta modificación de data 27/06/2018.

Vista a normativa legal que permite a modificación dos orzamentos, de conformidade co disposto no RDLex 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no RD 500/90, do 20 de abril, e nas Bases de execución do Orzamento de 2018.

A vista do anteriormente exposto, esta Alcaldía propón que o Pleno **ACORDE:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 3/2018 tal e como segue:

a) suplementando por importe de 20.000€ a partida 15326190 e subconcepto correspondente segundo xeración de crédito 6.2018, con remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2017 considerando esta inversión como financeiramente sostible e de vida útil superior a 5 anos.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos créditos subvencionados e a

xustificación da subvención indicadas nos considerandos deste acordo e tendo en conta que se dan razóns de seguridade vial que fundamentan a necesidade urxente de execución desta obra .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio

2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

Boimorto, 27 de xuño de 2018

A Alcaldesa

Pola Alcaldesa sinálanse os principais viais que serán arranxados con estes proxectos.

O voceiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas solicita que os proxectos non se redacten en castelá.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor (cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous das concelleiras do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros /as do grupo municipal do BNG) o Pleno municipal **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito 3/2018 tal e como segue:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

a) suplementando por importe de 20.000€ a partida 15326190 e subconcepto correspondente segundo xeración de crédito 6.2018, con remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do exercicio 2017 considerando esta inversión como financeiramente sostible e de vida útil superior a 5 anos.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores por ser urxente a utilización dos créditos subvencionados e a

xustificación da subvención indicadas nos considerandos deste acordo e tendo en conta que se dan razóns de seguridade vial que fundamentan a necesidade urxente de execución desta obra .

Terceiro.- Informar que non existe no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio

2018, crédito para estes gastos no capítulo 6 ó estar as partidas non incluídas en bolsa por ser estes gastos de inversión e vincularse cuantitativa e cualitativamente en si mesmas.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRBL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública e considerando que dita tramitación supón tamén modificación do anexo de inversións do orzamento municipal para 2018.

Solicita a Alcaldesa á Secretaría a lectura doutra moción que ten o contido que a continuación se transcribe:

MOCIÓN PLENO MUNICIPAL ORDINARIO XUÑO 2018 APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN CLUB DE FÚTBOL 8.000€.

Visto expediente para outorgamento de subvención nominativa de 8.000€ ó Club de Fútbol de Boimorto anualidade 2018, presentada xustificación para obtención de subvención .

Visto informe de Secretaría Intervención de data 28/06/2018 e o contido e advertencias nel sinaladas.

Ánte o remate da tempada e a urxencia e as necesidades de fondos manifestadas a esta Alcaldía polo Club de Fútbol, solicito a urxencia e aceptación polo Pleno municipal do tratamento e votación deste acordo non contemplado na orde do día deste Pleno.(por unanimidade con 10 votos a favor e aceptada dita urxencia) .

En uso das facultades outorgadas legalmente polo presente PROPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación presentada polo Club de fútbol de Boimorto da subvención nominativa outorgada por este Concello en acordo plenario de data 26/04/2018 ordeando o pago de 8.000€ a dita entidade previa presentación de certificación bancaria e cumprimento dos requisitos formais advertidos por secretaria no seu informe en relación a necesidade de compulsa e /ou dilixencia en orixinais de facturas presentadas.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós servizos contábeis os efectos oportunos de pago de dita subvención así como á Excm. Diputación Provincial de A Coruña para o exercicio de ser o caso do control financeiro delegado en dita entidade .

Boimorto 28/06/2018

A Alcaldesa:

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez “



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor (cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous das concelleiras do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros /as do grupo municipal do BNG) o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar a xustificación presentada polo Club de fútbol de Boimorto da subvención nominativa outorgada por este Concello en acordo plenario de data 26/04/2018 ordeando o pago de 8.000€ a dita entidade previa presentación de certificación bancaria e cumprimento dos requisitos formais advertidos por secretaría no seu informe en relación a necesidade de compulsa e /ou dilixencia en orixinais de facturas presentadas.

SEGUNDO.- Comunicar este acordo ós servizos contábeis os efectos oportunos de pago de dita subvención así como á Excma. Diputación Provincial de A Coruña para o exercicio de ser o caso do control financeiro delegado en dita entidade .

Continúa a Alcaldesa solicitando á Secretaría a lectura doutra moción, procedéndose a dita lectura tal como segue

PROPOSTA RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2018 CON LEVANTAMENTO DE REPARO POR IMPORTE TOTAL DE 10.894,95€

Solicítase a aceptación de urxencia deste asunto sen dictaminar por Comisión sendo necesario o pronto pago destas facturas.(por unanimidade con 10 votos a favor acéptase a motivación da urxencia desta moción.)

Iniciado o exercicio orzamentario de 2018, constan na Intervención Municipal compromisos de pago acordados en exercicios anteriores relativas á diversos gastos, cuxos xustificantes foron presentados ou conformados no ano en curso, resultando imposible a súa imputación orzamentaria ao exercicio de orixe, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de 27 de xuño de 2018 relativo á fiscalización das facturas obxecto do expediente de recoñecemento extraxudicial .

Vistas as seguintes facturas referidas a gastos do exercicio 2017 con rexistro de entrada neste Concello na anualidade 2018 máis que non teñen procedemento contractual adecuado previo para xustificar compromiso de gasto debidamente adquirido en exercicios anteriores en aplicación do artigo 26.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril. Facturas a incluír no recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2018, por ter data de subministro no 2017 se ben son presentadas no exercicio 2018.

Nº. de factura Nº rexistro Face Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe en euros
Rexistrados en FACE 26/06/2018 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibos subministro enerxía eléctrica de alumeados públicos meses de setembro, outubro, novembro e decembro 2017	2.118,92
FE17137021432310 2018/1447 26/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local baixo Concello período 27/09/2017 a 26/10/2017	24,95



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

FE17137023988794 2018/1451 26/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local baixo Concello período 27/10/2017 a 29/11/2017	28,75
FE17137021091317 2018/1460 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social de Nogaredo período 22/09/2017 a 23/10/2017	23,89
FE1713701806134 2018/1464 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social de Nogaredo período 05/09/2017 a 21/09/2017	9,09
FE17137018897409 2018/1466 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica antiga escola de Nogaredo período 20/07/2017 a 21/09/2017	10,99
FE17137018986931 2018/1468 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social antiga escola Sendelle período 09/09/2017 a 25/09/2017	14,52
FE17137018757159 2018/1470 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social de Cardeiro período 20/06/2017 a 21/09/2017	10,99
FE17137021327577 2018/1473 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica edificio de servizos múltiples período 27/09/2017 a 26/10/2017	18,65
FE17137021261495 2018/1475 27/06/2018	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. A65067332	Recibo subministro enerxía eléctrica local social antiga escola Sendelle período 26/09/2017 a 25/10/2017	41,22
FE17321243339559 2018/1494 27/06/2018	Gas Natural Servicios SDG, S.A. A08431090	Recibo subministro enerxía eléctrica Estación potabilizadora período 01/08/17-31/08/17	3.926,45
FE17321245815664 2018/1497 27/06/2018		Recibo subministro enerxía eléctrica Estación potabilizadora período 01/09/17-30/09/17	3.448,10
FE17321252305614 2018/1495 27/06/2018	Gas Natural Servicios SDG, S.A. A08431090	Recibo subministro enerxía eléctrica Casa do Concello período 27/09/17-29/11/17	725,13
FE17321241423661 2018/1496 27/06/2018		Recibo subministro enerxía eléctrica Casa do Concello período 30/05/17-36/07/17	493,30
Total			10.894,95€

Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extraxudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria.

Considerando que pola teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos xa que un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propoño que o Pleno municipal previa aceptación de urxencia de asunto sen dictaminar adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 27/06/2018 en relación coas



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas a este expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, comprometendo e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2018 indicadas na seguinte táboa.

A Alcaldesa:

Asdo.- María Jesús Novo Gómez”

O voceiro do grupo municipal do BNG roga que conste en acta que se solicite e advirta formalmente que non se van pagar as facturas chegadas fora de tempo e noutro ano.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor ((cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous das concelleiras do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros /as do grupo municipal do BNG) o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 27/06/2018 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial das facturas relativas a este expediente de recoñecemento extraxudicial indicadas nos considerandos deste acordo autorizando, comprometendo e recoñecendo obrigas con cargo ás partidas municipais de 2018 indicadas na seguinte taboa (ver taboa considerandos da moción).

Remata a Alcaldesa solicitando á Secretaría a lectura da última moción , lectura que se fai do seguinte contido:

MOCIÓN PLENO ORDINARIO XUÑO DE 2018 MODIFICACIÓN POS ADICIONAL 2018

Visto circular da Excmá Diputación de data 24/05/2018 n.º de rexistro de entrada 1090 en data 29/05/2018 na que se informa sobre Plan único de Concellos POS+ 2018 (adicional) na que se informa e asignan definitivamente fondos do Plan adicional ó Concello de Boimorto.

Visto o procedemento a tramitar indicado nesa Circular no caso de variación de algún dos investimentos previsto en acordo plenario do POS en relación con investimentos adicionais.

Solicitando autorización do Pleno da aceptación da urxente deste acordo que non vai na orde do día pola urxencia en prazo 31/07/2018 para remitir este acordo á Excmá Deputación Provincial e non perder maiores fondos outorgados a este Concello co POS adicional. (por unanimidade con 10 votos a favor o Pleno acepta a urxencia e o tratamento e votación deste punto)

Mediante Decreto n.º 248/2018 de data 13/06/2018 dítase a resolución de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ anualidade 2018 Adicional 1/2018 dando conformidade a un proxecto que este concello tiña incluído e preparar un novo investimento para o 31 de xullo de 2018.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o proxecto redactado por D. Manuel Carro López titulado “Reforma de viales en los lugares de Arosa y Ribeiro” con orzamento total de execución de 32.706,29 €uros.

Visto o informe técnico sobre este investimento, onde se sinala que é preciso autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Augas.

Visto o proxecto redactado por D. Manuel Carro López titulado “Reforma de viales en los lugares de Arosa y Ribeiro” (modificado) con orzamento total de execución de 39.187,06 €uros.

Visto o informe técnico sobre este investimento, onde se sinala que o novo tramo incorporado ao proxecto non precisa autorización sectorial.

Propoño ao Pleno:

1.- Incluir no Plan complementario ao POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña o novo investimento que se indica a continuación:

A) Financiamento do novo investimento

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Reforma de viales en los lugares de Arosa y Ribeiro (modificado)	39.187,06 €	0	39.187,06 €

2.- Aprobar o proxecto da obra.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento, e que non é necesario tramitar autorización sectorial para o proxecto reformado pois o primeiro xa se atopa en Patrimonio para a elaboración da pertinente autorización sectorial.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución da obra incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da actuación incluída neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Boimorto 28/06/2018

A Alcaldesa:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Asdo.- M.^a Jesús Novo Gómez “

A Alcaldesa apertura o turno de intervencións.

Pide a palabra a voceirra do grupo municipal do PsdG_PSOE D^a Ana Ledo que pregunta que se vai facer con Arosa.

Resposta a Alcaldesa que é precisamente o vial que cambia.

A Alcaldesa solicita que conste en acta que fanse aportacións municipais para obras grazas a que a boa xestión permitiu un remanente de tesourería positivo no 2017.

Sen máis intervencións por unanimidade con 10 votos a favor o Pleno municipal **ACORDOU**:

1.- Incluir no Plan complementario ao POS+ 2018 da Deputación Provincial da Coruña o novo investimento que se indica a continuación:

A) Financiamento do novo investimento

Denominación da obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Reforma de viales en los lugares de Arosa y Ribeiro (modificado)	39.187,06 €	0	39.187,06 €

2.- Aprobar o proxecto da obra.

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento, e que non é necesario tramitar autorización sectorial para o proxecto reformado pois o primeiro xa se atopa en Patrimonio para a elaboración da pertinente autorización sectorial.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución da obra incluída no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento da actuación incluída neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5.- Rogos e Preguntas

Pola Alcaldesa apertúrase este punto da orde do día dando a palabra ó concelleiro D. Xosé Luís Rivas que fai as seguintes intervencións:

1.- Pregunta canto costou a Festa dos maiores.

2.- Pregunta como se están xestionando as faixas de seguridade.

3.- Pregunta se na Residencia de Boimorto poden entrar persoas con enfermidades mentais.

4.- Roga información sobre arranxos pendentes na Residencia.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- 5.- Roga se lle informe sobre obras na escola Arceo.
- 6.- Pregunta que obras se fixeron en Paredes
- 7.- Roga dixitalización documentación que está no faiado do Concello vello.
- 8.- Pregunta se a fisioterapia suspendeuse un día ou temporalmente. Resposta a Alcaldesa que xa está funcionando o servizo.
- 9.- Roga se mire por cunetas en Lobomorto tapadas con terra.
- 10.- Pregunta se a finca da Mota está limpa.
- 11.- Pregunta que vai pasar coa Ponte Boado se se anchea ou non.
- 12.- Roga se lles remita o rogo que se fixo en relación á sentenza da manada e o seu envío segundo o acordado.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do BNG D^a Raquel Val que fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1.- Roga arranxo pista dende Rodieiros a Porcelle.
- 2.- Roga explicacións sobre problemas co alumeadado público a mediados de xuño.
- 3.- Roga ante as queixas dos veciños arranxos na área nova de Santarandel.
- 4.- Roga desbroces en pistas que teñen a herba moi alta como pista Corredoiras Peroxa onde sinala hai un perigo claro.
- 5.- Roga arranxos no parque da Gándara por estar en mal estado o entorno, baldosas levantadas.
- 6.- Roga reposición material roubado no carril bici.
- 7.- Roga información sobre o estado do expediente para facer paseo dende a Residencia a Viladóniga.
- 8.- Roga que as actas dos plenos se colguen na web.
- 9.- Roga se mellore a xestión de persoal na Residencia e deixen de sacarse bolsas de persoal laboral temporal.
- 10.- Roga e fai constar como interesada que se informen ás Comisións de Festas sobre a nova normativa de espectáculos públicos en Galicia

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira D^a Ana Ledo que fai as seguintes intervencións:

- 1.- Roga limpeza de cunetas polo perigo que supón a falta de visibilidade, roga que se faga como antes . A Alcaldesa indica que xa están en Dormeá, Buazo, Arceo.
- 2.- Roga que se consiga o paseo senda peatonal dende a Residencia.
- 3.- Pregunta polas sancións por residuos na Mota e por vertidos.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do PSdG-PSOE D^a Sandra Sánchez Iñiguez que fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1.- Roga ante a visita de xerente ó centro de saúde na que considerou que estaba moi ben que se indiquen as deficiencias.

Resposta a Alcaldesa que veu para valorar a aportación da Xunta para melloralo.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A concelleira D^a Sandra Sánchez roga que non marche a pediatra.

A Alcaldesa resposta que non é oficial.

A continuación a Alcaldesa intervén para dar resposta as preguntas formuladas tal como segue:

1.- Sobre custe festa dos maiores verase factura.

2.- Sobre xestión franxas de seguridade indica que foron sinaladas en colaboración cos servizos técnicos e o encargado de obras, sinala que o Distrito encargouse de colgar carteis informativos, que chegou escrito indicando que non temos que ter un plan de prevención municipal propio para loita contra incendios e indica medios preparados para o caso de incendio sinalando que están traballando nisto.

O concelleiro D. Xosé Luís Rivas pregunta se etán listos os puntos de auga. Resposta a Alcaldesa que si e vixiados polos bombeiros de Arzúa.

3.- Sobre a residencia de enfermos mentais no noso centro sinala a Alcaldesa que tras un incidente foi expulsado a súa admisión veu xa que non se valorou que non fose así en informes técnicos.

A concelleira do PSdG PSOE D^a Sandra Sánchez amosa a súa disconformidade á limitación de asistencia para estes enfermos nos nosos centros por non estar preparados.

4.- Sobre a necesidade de arranxos na Residencia informa a Alcaldesa como o propio director de obra valida o mal uso e mal mantemento exonerando de responsabilidade ó contratista.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas di que esto debería ir a fiscalía, que son consecuencia das baixas temerarias.

A Alcaldesa di que non vai deixar así as cousas.

5.- Indica que se fixo limpeza en campo da festa de Cardeiro e noutros.

6.- Di que tomará nota do rogo de dixitalización de documentación feito por D. Xosé Luís Rivas.

7.- Di que o servizo de fisioterapia ten cobertura externa por non ter persoal en bolsa para este posto.

8.- Di que as cunetas estanse a limpar.

9.- Explica que a finca da Mota está limpa que a xente segue a depositar voluminosos e facer un vertedoiro incontrolable, di que agora só se depositan plásticos agrícolas que son recollidos, di que se está intentando dar unha solución os voluminosos co Concello de Sobrado.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas roga atención a obra de Paredes na que se tapou un pozo. A Alcaldesa di que se fixo un rego para unha canaleta. O concelleiro di que segue o problema.

10.- En relación a sancións por vertidos, di a Alcaldesa que veñen de depuradora Casal de Munín e que se está a xestionar solución con propietarios de terreos para facer regato e darlle solución.

Pregunta a concelleira do PSdG_PSOE D^a Ana Ledo se seguen dando ben a depuradora de Dormeá e a de Brates. A Alcaldesa di que si.

11.- En relación a obra de ampliación da Ponte Boado explica a Alcaldesa que tras exposición do



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

proxecto por Augas de Galicia foi a Asociación de veciños a que puxo alegacións que provocaron a denegación de autorización de augas ó proxecto.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas di que a Ponte Boado e unha chapuza política.

A Alcaldesa explica que problemas técnicos sobre retorno da auga tamén foron en contra do proxecto.

12.- En relación ó rogo á xustiza sobre sentenza da Manada di a Alcaldesa que se remitirá esa documentación.

13.- Sobre arranxo e mantemento de pistas solicitadas pola concelleira D^a Raquel Val di a Alcaldesa que están todos previstas en obras en contratación retrasada como consecuencia da novidade da contratación electrónica por Plataforma de contratación do Estado.

14.- Sobre o mal funcionamento do alumado público di a Alcaldesa que saltou o regulador.

15.- En relación a mantementos rogados en área Santarandel di que están en iso e que persoal subvencionado pola Xunta asumirá ditos traballos.

16.- Indica pistas desbrozadas en Buazo, Dormeá, Arceo con tratores do Concello.

17.- Di que atende o rogo de arranxo do parque da Gándara que estudará o tema.

18.- Sinala que buscará solución para reposición do roubado en carril bici.

19.- Sobre a Senda peatonal indica que xa falou cos propietarios que teñen que ceder propiedade para que poda a Deputación executar dita obra e se están xeoreferenciando en planos os lindes e zonas a donar.

20.- En relación a publicación de actas na web comprométese a miralo.

21.- En relación co funcionamento das bolsas de persoal temporal na Residencia indica o que acontece cando se chama e ese persoal está traballando e se agota unha bolsa e faise necesario acudir a outra.

22.- Indica a Alcaldesa que xa falou para organizar charla en Boimorto sobre a nova normativa de festas coa delegación de Coruña da Xunta. Indica á concelleira que fixo o rogo que a normativa e de máis sinxelo cumprimento para as comisións de festas

23.- Explica a Alcaldesa que unha vez feitas as obras do centro de saúde preténdese a súa cesión a Xunta explica as obras e as necesidades que indicaron os facultativos do centro e como foron atendidas polo xerente. Di que está protestando pola perda de comadrona e pediatra.

A concelleira do PsdG-PSOE D^a Sandra Sánchez roga a Alcaldesa escrito a Movistar que cobra igual ós usuarios inda que non funcione internet. Indica a Alcaldesa que lle chegaron rumores de que un veciño saca fusible da torreta xa que a empresa non saca cableado na súa propiedade e que en Movistar están valorando aperturar a via xudicial.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas pregunta pola pista Bertomil Pousada que está levantada.

Resposta a Alcaldesa que non se puido meter xa que non pasaron cinco anos dende o arranxo desta pista por Filloy .

O concelleiro do BNG roga en baixada a Brates con cunetas revestidas se faga desbroce de maleza indicando cales.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A concelleira do BNG D^a Raquel Val roga mantemento da liña de alta tensión que ven polos Anxeles.

Ás 21:09 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto, xoves 28 de xuño de 2018

A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ	A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez
--	---